


FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Plaza de Mina, 1-3.º Izqda.
Teléf. 981 21 61 04 - Fax 981 22 22 86
15004 LA CORUÑA

ANÁLISE DO SECTOR DA MADEIRA EN GALICIA

A Coruña, Mayo de 2008



FECEG


FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

A Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia

Unha achega á situación do sector: análise para á estratexia da competitividade



Maio do 2008



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Índice Xeral

1. Fundamentos Básicos e Liñas de Investigación
2. Características Básicas do Sector de Carpintería e Ebanistería e do Mercado
 - 2.1. Ámbito Nacional
 - 2.2. Ambito Internacional
3. Análise do Sector en Galicia
 - 3.1. Tipoloxía das Empresas.
 - 3.2. Características mais saliantables
 - 3.2.1. Diversificación das Actividades
 - 3.2.2. A intensidade tecnolóxica é unha das vantaxes das empresas
 - 3.3. Os Mercados Relevantes
4. A Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia, a puxanza do asociacionismo
 - 4.1.-O Histórico das Actividades da Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia
 - 4.1.1.- FECEG e a súa aposta pola Formación
 - 4.1.2.- FECEG e a súa aposta pola difusión das actividades
 - 4.1.3.- FECEG coa investigación e a ciencia
 - 4.1.4.- FECEG e os proxectos comunitarios
 - 4.1.5.- FECEG e as Accións Complementarias de Formación e Investigación
 - 4.1.6.- FECEG e a Responsabilidade Social Corporativa
 - 4.1.7.- FECEG e o coidado o Medio Ambiente



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

1.- Fundamentos Básicos e Liñas de Investigación

A Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia quer aportar coñecemento de seu no camiño da innovación.

Como representante do sector da segunda transformación en Galicia, a Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia afronta o período 2007-2013 con inquietudes e con saliantes retos.


Afondar no coñecemento das empresas e un paso que temos que dar para ter capacidade de plantear estratexias, iniciativas, actividades e procesos que fagan posible non só o mantemento do tecido empresarial, tamén o seu fortalecemento e o posicionamento competitivo nos mercados globais.

O obxectivo deste informe é pois analizar e coñecer polo miúdo a situación actual das empresas de Carpintería e Ebanistería de Galicia para ter validades as propostas sectoriais.

A revolución dos mercados mundiais e de tal envergadura que ten influencias directas e indirectas en calquera sector, de calquera territorio, nos tecidos empresariais e mais aínda nas bases estruturais socioeconómicas de calquera lugar do planeta. De calquera e tamén de todos os lugares do planeta.

Á globalización dos produtos e procesos súmase a mundialización da produtividade e fai obrigatorias novas perspectivas, da man das análises dos sectores industriais, pero tendo en conta as novas variables que transforman todas e cada unha das claves dos sectores económicos.

Afirmando a vocación de toda empresa: mantemento, mellora e expansión.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Este é o caso do subsector da Segunda Transformación da Madeira en Galicia.

Coñecer a situación da actividade que xeran as empresas dáonos referentes en canto o subsector como tal.

E coñecer qué estratexias ten o subsector da Segunda Transformación en Galicia pódenos colocar nunha situación de vantaxe que permita a definición e o Deseño dun Plan Director 2008-2011.


Focalizando o debate, e xa no mercado comunitario e certo que a Economía Europea está a sufrir un proceso de desaceleración impulsado polo menos por dous factores contradictorios:

- Apreciación do euro fronte ao dólar (desaceleración da economía estadounidense e incremento dos déficits que implican unha depreciación da moeda), o que inflúe directamente no encarecemento das exportacións.
- Encarecemento do petróleo xerado pola tendencia a empregar o euro como valor de cotización, situación esta, que arranxa a vantaxe importadora que nun primeiro momento tivo a depreciación do dólar.

A crise económica xerada pola desestabilización do mercado da potencia de Estados Unidos ten fortes repercusións na economía xerada polo mercado europeo.

E aínda mais no caso español, con incidencias especiais en Galicia, hoxe coa clasificación de “rexión de converxencia”.


As repercusións directas no sector da construción xera unha cadea de minorizacións que pode ter moita sona nas empresas que a Federación de Empresarios de Carpintería e Ebanistería de Galicia representa.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

En Galicia preocupa a influencia que pode ter no comercio exterior e nos procesos de internacionalización da actividade.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

2.- Características Básicas do Sector de Carpintería e Ebanistería e do Mercado

As actividades do subsector de Carpintería e Ebanistería integranse no tan salientable sector da Madeira.

Neste senso é básica a clasificación que reconece dous grandes subsectores: Primeira Transformación da Madeira, conformado polas empresas de Aserrío e Rematantes da Madeira e a Segunda Transformación da madeira, que é onde atopanse as empresas de Carpintería e Ebanistería.

2.1.- Ambito Nacional

A presenza da actividade de Carpintería e Ebanistería no Sector da Madeira é relevante.


Facendo uso dos datos do 2006, ó 54,7% do sector está cuberto polo subsector da Carpintería e Ebanistería, no que inclúese a industria do moble.

Xa que logo, das 38.267 empresas – coas distintas formas xurídicas-do sector da madeira, 20.932 empresas son do subsector de Segunda Transformación e 17.335 empresas pertencen a Primeira Transformación.

O Sector da Madeira, comparte con outros sectores económicos, a fortísima presenza das pequenas e medianas empresas, cunha relevancia da micropeme, como empresas miúdas.

Si tomamos como criterio o número de traballadores que á integran, sabemos que as empresas son nunha porcentaxe ampla micropemes -sen asalariados ou con 1 ou 2 traballadores- ocupando ó 64%, cun total de 24.444 empresas.

Outro 30, 31% , 11.603 empresas, teñen menos de 20 traballadores.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA


Ambolos dous grupos suman 36. 047 empresas, o 95% do total.

O 5% restante, 2.220 empresas, teñen mais de 20 traballadores.

Tipo de Actividade	Número de Empresas		
	2004	2006	Diferencia %
Serradoiro e cepillado da madeira	1.714	1.572	-8.28 %
Fabricación de chapas, taboleiros, alistonados de partículas aglomeradas, de fibra e outros taboleiros	513	509	-0.78 %
Fabricación estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción	11.710	11.127	-4.98 %
Fabricación de envases e embalaxes.	1.110	1.082	-2.52 %
Outros produtos da madeira	3.299	3.022	-8.40 %
Fabricación de mobles	21.485	20.955	-2.47 %
Total	39.831	38.267	-3.93 %


A minorización do peso relativo do número de empresas no período 2004-2006, ten causas distintas é complexas en moitos casos. Pero todas as voces sinalan que a fragilidade das estruturas empresarias nas micropemes e nas pequenas e medianas empresas -que en outras ocasións xogan ó seu favor en canto a flexibilidade e cercanía ó cliente- pode ter moito que ver neste.

A inversión en infraestructuras, equipamentos, ferramentas e maquinaria de nova xeración obrigan o coñecemento e uso de novas tecnoloxías que fan mudar non son as formas de produción: mudan tamén os desenvolvementos dos sistemas e o coñecemento do saber facer. O dominio da nova produtividade é o dominio do mercado, que xa non reposa só nas materias primas e deseños.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA




1(Elaboración: Confemadera; Fonte: INE)

Si vemos agora o emprego xerado por Carpintería e Ebanistería en España, estaríamos a falar dun número de empregados do sector que alcanza ós 233.423 empregados, dos que máis do 58% corresponden as actividades do moble.

E a poboación activa nas ocupacións de “estructuras de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción” lle sigue en peso específico, cun 22% do total do sector.

A poboación ocupada é maioritariamente masculina, cun número craramente superior ó emprego feminino, no que a presenza das mulleres sitúase no 25% do total nas ocupacións con maior taxa. A media do sector atópase arredor do 10%.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

No que fai referencia ó nivel de estudos rematados a súa escaseza histórica é unha tendencia que estase a mudar.

Sendo certo que as categorías profesionais mais baixas sofren dunha difícil accesibilidade á formación regrada pois son abondosos os casos de traballadores e traballadoras – sobre todo nos de maior idade-con niveis de estudos rematados entre a educación obrigatoria e os estudos primarios, tamén é certo que esta situación estáse a mudar.

O impulso da Formación Profesional é mailo impulso da Formación Ocupacional e da Formación Continua son estratexias sempre apoiadas pola FECEG.

Tipo de Actividade	Número de Empregados		
	2004	2005	Diferencia %
Serradoiro e cepillado da madeira	11.717	11.166	-4.7 %
Fabricación de chapas, taboleiros, alistonados de partículas aglomeradas, de fibra e outros taboleiros	13.166	12.789	-2.86 %
Fabricación estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción.	52.163	51.147	-1.95 %
Fabricación de envases e embalaxes	9.055	8.786	-2.97 %
Outros produtos da madeira	11.936	10.272	-13.94 %
Fabricación de mobles	134.616	135.825	+0.90 %
Total	232.653	233.423	-0.33 %

(Elaboración: Confemadera; Fonte: INE)



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

A capacidade de empregabilidade das actividades de Carpintería e Ebanistería destacan de xeito contundente no sector. E a fabricación de mobles lidera a xeración de capacidade empresarial con un mais que forte emprego directo – e tamén indirecto-.

Se do que falamos e das cifras netas de negocio no sector da madeira, e tomando o ano 2005 esta cifra ascende a 21. 945. 903 €

Deles case o 77% -ó 76,71%-son imputables á industria da Segunda Transformación da Madeira, constatando a supremacía da actividade de Carpintería e Ebanisteria.

E a fabricación de mobles lévase o 53, 43% , ou sexa 11.725.553 €

A puxanza da Segunda Transformación da Madeira é quen tira da puxanza do sector da madeira, así podemos velo na forte suba no período do 2003-2005.

Tipo de Actividade	Importe cifra de negocio		
	2003	2005	Diferencia %
Aserradeiro e cepillado da madeira	1.155.988	1.170.676	-1.27 %
Fabricación de chapas, taboleiros, alistonados de partículas aglomeradas, de fibra e outros.	2.300.876	2.690.108	+16,2 %
Fabricación estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción	3.722.765	4.065.623	+9.21 %
Fabricación de envases e embalaxes.	974.483	1.044.336	+7.17 %
Outros produtos da madeira	777.505	1.249.607	+60.72 %
Fabricación de mobles	10.094.698	11.725.553	+16,16 %
Total Madeira- moble	19.026.315	21.945.903	+15,34%
Total Industria España	460.250.044	540.438.764	

(Elaboración: Confemadera; Fonte: INE)




FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

O incremento da cifra de negocio ten moitas causas, sendo saliantables a capacidade de internacionalización e a forte aposta pola innovación.

Formación da poboación ocupada, tanto da poboación activa ó través dos procesos de Formación Continua como da poboación en situación de desemprego que queren ingresar nas empresas da segunda transformación, ó través da Formación Ocupacional.

Ademais, sistemas e procesos tecnolóxicos. E unha mais que forte inversión en infraestruturas tecnolóxicas.





FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

O Sector da Madeira en España concentra a súa forza en Cataluña, Comunidade Valenciana, Andalucía, Madrid e Galicia.

NÚMERO DE EMPRESAS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS								
CC.AA.	NÚMERO DE EMPRESAS							
	Madeira		Moble		Total		% Total Sector España	
	2004	2006	2004	2006	2004	2006	2004	2006
ANDALUCÍA	2.189	2.142	3.558	3.646	5.747	5.788	14,43%	15,13%
ARAGÓN	566	515	618	597	1.184	1.112	2,97%	2,91%
ASTURIAS	418	379	432	421	850	800	2,13%	2,09%
BALEARES	679	634	516	489	1.195	1.123	3%	2,93%
CANARIAS	688	661	611	588	1.299	1.249	3,26%	3,26%
CANTABRIA	323	308	166	158	489	466	1,23%	1,22%
CASTILLA/LEÓN	1.177	1.129	1.119	1.091	2.296	2.220	5,76%	5,80%
CASTILLA-LA MANCHA	1.085	1.069	1.346	1.365	2.431	2.434	6,10%	6,36%
CATALUÑA	3.391	3.018	3.325	3.085	6.716	6.103	16,86%	15,95%
C. VALENCIANA	2.365	2.224	3.053	2.901	5.418	5.125	13,60%	13,39%
EXTREMADURA	466	487	367	415	833	902	2,09%	2,36%
GALICIA	1.752	1.660	1.204	1.217	2.956	2.877	7,42%	7,52%
MADRID	1.129	1.085	2.521	2.382	3.650	3.467	9,16%	9,06%
MURCIA	509	507	1.051	1.070	1.560	1.577	3,92%	4,12%
NAVARRA	382	376	224	218	606	594	1,52%	1,55%
PAÍS VASCO	1.035	937	1.122	1.061	2.157	1.998	5,41%	5,22%
LA RIOJA	191	180	242	240	433	420	1,09%	1,10%
CEUTA/MELILLA	1	1	10	11	11	12	0,03%	0,03%
TOTAIS	18.346	17.312	21.485	20.955	39.831	38.267	100,00%	100,00%

(Elaboración: Confemadera; Fonte: INE)



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Temos que decir que ó peso de Galicia e moi importante. Temos que ter en conta variables como número de habitantes, poboación activa, número de empresas totais e porcentaxe e peso.

2.1.2.- Ambito Internacional

Falando de capacidade exportadora do sector da Madeira en España, iste acadou no ano 2005 un valor total de 2.458 millóns €, incrementando as vendas nun 3,5% respecto ó 2004.

Deles foron 1.505 millóns os que corresponden á exportación de mobles, cun incremento do 2.73 % respecto a 2004.

Francia, Portugal, Reino Unido, Estados Unidos, Alemaña, Italia, e Países Baixos son os destinos habituais, sendo que é a Unión Europea a que absorbe a maior parte das vendas nacionais do sector consolidándose como principal socio comercial.


Xa o falar de importacións, tamén estaremos a falar dunha taxas de actividade cun incremento: no ano 2005 chégase a 4.577 millóns €, cifra de negocio que supón unha suba do 14% no que vai dende o 2004.

O 51% , ou sexa 2.334 millóns €, foron para as compras de produtos de materia prima e semimanufacturas de madeira, o que fai unha suba do 5.3% con respecto o 2004.

O 49% restante corresponde á importación de mobles que marcan un moi prestixioso nivel de crecemento.

Galicia consolida a internacionalización. Empresas galegas teñen fortes apostas nos mercados de fora.

Galicia exporta a Unión Europea -Portugal (28% do total), Francia (10%), Reino Unido (10%), Países Baixos (6%) e Italia (5%)-.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Pero tamén está en Estados Unidos (4%) e en México, cun impactante incremento do 93% na capacidade exportadora.

Tamén é xa un perfil seguro a nosa entrada nos países do Medio Oriente.

No ano 2006 o incremento foi dun 20% no que refírese as vendas no exterior. Isto traducese nunha cifra de negocio de 125 millóns de €.

En relación coas importacións galegas de produtos de madeira, alcanzaron no ano 2005 un valor de 372,18 millóns de Euros, o que supón un incremento aproximado respecto ao ano anterior do 18%.

Os países de orixe mais habituais das importacións galegas son Portugal (29%), Finlandia (5%) e Romanía (5%), é tamén o Brasil (13%), Estados Unidos (10%), e un cadaa vez mais importante Camerún, cun 8%.

Nestes momentos os países do Leste de Europa e de Asia estanse a converter en potenciais mercados de exportación, polo capacidade de consumo da súa poboación é polo seu acceso os produtos dos mercados do mundo libre.

Estos novos mercados xa se atopann incorporados os obxetivos das empresas con domicilio social en Galicia.

O moble non para de crecer: cos datos do primeiro semestre de 2007, constatase unha suba do 14,1 % respecto ó mesmo período do 2006, cun volume de exportacións que ascende a 1.249.257,7 €, sendo os destinos máis importantes Francia, Portugal, Reino Unido, Italia, Alemaña e tamén Rusia.

Respecto ás importacións de mobles á vista dos datos obtidos en relación ó período que vai dende xaneiro ata setembro de 2007 ascenden a 2.301.128,3 €.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Isto é unha suba do 34,7 %.

Os países orixe das exportacións son China – e cada vez vai a mais-Italia, Alemaña, Portugal e Francia, que aglutinan un 65,3% do total.

Tamén Polonia, Indonesia, República Checa, Vietnam e Brasil.

En Galicia no período que vai dende xaneiro ata abril do 2007 exportou produtos por valor de 20.996 € o que supón un 3.8 % do total das exportacións do sector en España.



3.-Análise do Sector de Carpintería e Ebanistería en Galicia

3.1.- Tipoloxía das empresas

A Industria da Segunda Transformación en Galicia ten unha forte presenza e engade coa súa presenza, peso específico nacional e internacional ós tercidos empresariais españois sendo forte a súa aportación ó PIB.

Galicia é unha comunidade tractora, pola súa aportación.

As empresas de Carpintería e Ebanistería son na súa meirande parte pequenas e medianas empresas.


Destacan empresas que espalladas polo territorio de Galicia saben facer fronte os retos e inxerencias das empresas familiares e destacan pola súa profesionalidade, inversión tecnolóxica, aposta pola cualificación e capacitación, internacionalización e forte competitividade.

A ebanistería e tamén a carpintería teñen unha orixe artesán que foise facendo cunhas estruturas organizativas e de xestión talentosas, que hoxe permiten a estandarización da produción e a produtividade competitiva pero tamén a supervivencia, o mantemento e o incremento dos valores engadidos dos produtos artesáns.

As micropemes realizan tarefas de colocación e revestimento de paredes e chans, como fabricación de mobles a medida, especialmente de cociña, e armarios encaixados.

Contan con equipamentos e maquinaria polivalente.

As empresas industriais fan produción nacional e internacional. Fortes inversións en infraestruturas e maquinaria e equipamentos con base tecnolóxica, que mellora os procesos e optimiza calidades e tempos.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

3.2.- Características mais saliantables

O Sector da Carpintería e Ebanistería en Galicia é relevante no ámbito do mercado galego tendo unha vocación xa constatable de empresa con presenza nos mercados presenciais e tamén nos mercados virtuais.

Cos datos do 2006 estamos a falar dun sector cuio número de empresas é de 2.800, sende pemes e mecropemes as mais abondosas, con mais do 60 % nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

Galicia supón o 7,52% do total do sector español.

A capacidade de xeración de emprego sitúa a súa responsabilidade en 18.500 empregos directos, dos que a industria do moble faise responsable dunha importante porcentaxe, con case 5.500 empregos directos, ó 30% do total.

A cifra neta de negocio no ano 2005 ascende a 2.400.329 miles €, dos que o 22,65% corresponde ao subsector moble.

A vista dos datos anteriores podemos destacar as seguintes características:

. O tecido empresarial do sector de carpintería e ebanistería en Galicia ten orixes históricos, sendo protagonista dos procesos de industrialización do país.

. A carpintería e ebanistería supón a transformación da materia prima -a madeira, neste caso- e por elo é industria.

. Responsable do control de calidade da calidade da materia prima e da extracción, introduce o deseño nos procesos de produtividade, e polo tanto é quen da innovación que fai posible a creación e ideación de novos produtos e novos procesos para novas necesidades para novos mercados.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

. As empresas de carpintería e ebanistería teñen presenza en todo o territorio, sendo casi imposible atopar unha localidade por pequena que sexa donde non atopemos un carpinteiro ebanista.

Destacamos

A Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia suliña a relevancia de certas características das empresas do sector:

. As empresas -na súa meirande parte-teñén o seu domicilio social en municipios rurais, iste feito provoca unha cadea de boas prácticas de moi alto valor engadido, entre as que cabe destacar o favorecemento da creación de actividade e riqueza en municipios rurais. A súa vez, isto é tamén punto de encontro coa creación doutras actividades empresariais que dotan de servizos ó núcleo rural.

. O emprego é un emprego de calidade, donde prima a estabilidade laboral.

. A Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia promove a estratexia do acceso a Formación Continua dos empregados e empregadas do sector, como favorecemento da competitividade e productividade das empresas e tamén como desenvolvemento da capacitación profesional e ocupacional do participante. As empresas son conscentes do esforzo da aprendizaxe permanente é en moitos caos posibilitan que a formación seña impartida no horario laboral e, en calquera caso, o tempo da aprendizaxe é un tempo compartido polas empresas e polos traballadores e traballadoras.

. A formación achégase o traballador, facéndose preto dos postos de traballo, evitando no mais posible os sobreesforzos dos desprazamentos.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

. A formación é presencial e semipresencial e tamén impártese na modalidade on line.

. A Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia promove, divulga e fortalece o criterio de que o primeiro paso na Responsabilidade Social Empresarial ou Corporativa é a protección da saúde dos traballadores e traballadoras: as nosas empresas lideran o ránking de boas prácticas na área de Prevención de Riscos Laborais, é boa proba delo é a moi baixa taxa de accidentalidade e á escaseza de gravidade nela.


. A Federación de Asociacións Empresariais de Carpintería e Ebanistería de Galicia representa a o sector pioneiro no equilibrio entre a conservación e o mantemento de produtos e procesos tradicionais e históricos e a inversión e implementación nos produtos e procesos mais vanguardistas.

O sector da Carpintería e Ebanistería de Galicia fixo importantes esforzos nas últimas décadas.

As empresas con mais de 20 empregados rolda o 12% do total, é con mais de 10 empregados temos unha porcentaxe do 20%: o 32% das empresas teñen mais de 10 empregados, porcentaxe moi superior a media.

O peso do sector da carpintería e ebanistería no sector da madeira é moi destacado. As apostas polas novas tecnoloxías con presenza en todos os fluxos de traballo e unha das razóns do liderazgo.

Tamén temos que destacar ó aseguramento e control de calidade, cunha evidente implantación da cultura da xestión da calidade e a súa certificación.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

3.2.1.- Diversificación da actividade

A diversificación dos produtos, os deseños vanguardistas, a maquinaria de última xeración, a implantación dos procesos de calidade son algunhos dos referentes dunha industria puxante, con diversificación da súa actividade e comprometida con a innovación de solucións comprometidos co medio ambiente.

O mobiliario do fogar, os mobles de cociña e tamén de baño -cunha mais que relevante posición que coloca a Galicia entre os produtores máis importantes a nivel nacional-as portas, fiestras e balaustradas – con niveis de industrialización moi altos, impulsados polo grande desenvolvemento normativo xerado en relación a este produto-son produtos todos eles que destacan nos mercados internacionais e isto podese ver na importante demanda xerada polas exportacións e a presenza cada vez mais saliantable en feiras e foros nacionais e internacionais.


3.2.2.- A intensidade tecnolóxica é unha das vantaxes das empresas

Nos últimos anos foi moi destacado o esforzo pola suba do nivel tecnolóxico e hoxe as empresas tractoras son protagonistas de inversións millonarias en maquinaria e equipamentos.

Os obxetivos son a mellora da produtividade tanto cuantitativa como cualitativamente.

A industria do moble e a industria das estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería ocupan os primeiros postos no ránking da actividade.

Queda reflectido o liderazgo da industria do moble.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Seguido dun competitivo segundo posto que ocupa a industria das estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería -demandada polo sector da construción-pola súa cifra de negocio (fabricación de elementos para a cociña e o baño seguido do da ebanistería, elementos e carpintería e mobles para o fogar).

3.3.- Os Mercados Relevantes

Os mercados relevantes veñen definidos polo impacto do segmento do moble, xa que a madeira é a materia prima máis utilizada (98%) na fabricación de mobles, isto supón preto dun 40% do valor total da produción da cadea da madeira. Xera pois case a metade dos empregos totais do sector e ten unha grande capacidade tractora sobre o resto das actividades do sector, o incorporar grande diversidade de compoñentes procedentes do mesmo.

Consideración especial ten tamén o mercado tanto da construción.

Nembargantes outros mercados fanse notar cada día mais: queremos destacar a cada vez mais significativa presenza da demanda da Rehabilitación de Patrimonios.

Falamos de rehabilitación de vivendas e tamén de entornos históricos -como é o caso de cascos históricos- e recuperación das vivendas rurais.





FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA



Tamén de rehabilitacións de patrimonios artísticos e culturais e relixiosos onde a ebanistería cobra todo o seu esplendor.





FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA



E certo que a carpintería e a ebanistería non é allea a case ningunha actividade humana, sendo por exemplo a carpintería de ribeira – patrimonio mariítimo e marineiro-e os productos para a construción naval, construcións náuticas e embarcacións de recreo demandas tamén cada día mais significativos.





FECEG


FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Cientes individuais, promotores de distintos tamaño, e tamén administracións e organismos autónomos, grandes empresas sectoriais e intersectoriais -servizos a sectores de primeira categoría como o sector turismo con un moi amplo abano de servizos -empresas hoteleras e de restauración, servizos de restauración por exemplo a paradores de turismo, patrimonio eclesiástico, patrimonio artístico, apoio a rehabilitación de distintos sectores -construcción, pesca, naval, relixioso, etc.-fan que a actividade teña mercados gañadores de prestixio económico e social.

Tamén mercados emerxentes, nos que é preciso suliñar a presenza dos ecomercados e da sustentabilidade.



Habería que destacar a importancia da arquitectura de madeira, con cosntrucción respetuosas con medio ambiente. Este mercado ten tamén a súa corresponsabilidade nos deseños interiores e na industria do moble, con incorporacións dos conceptos de ergonomía e ecoloxía nos usos cotiáns.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA





FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

4.-A Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia, a puxanza do asociacionismo

A **Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia (FECEG)** foi constituída no ano 1990, e está a piques de cumprir os 30 anos.

E unha federación de asociacións empresariais, con ámbito autónomico

Representa, defende e promove os intereses e obxetivos das empresas de carpintería e ebanistería de Galicia e con domicilio social en Galicia.

Integrada polas asociacións empresariais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, ten ámbito autónomico e representa ó sector en todos os niveis de competencia.

Conta cun número moi elevado de empresas asociadas nas catro provincias, nun número aproximado de catrocentas empresas, entre as que atópanse asociadas as empresas líderes do sector.

A Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia e dende o seu nacemento unha organización empresarial activa e participativa, con capacidade de iniciativas sectoriais e intersectoriais que sempre actúan responsablemente na promoción das empresas sectoriais.

Atópase integrada en Confemadera – representación empresarial española-e dende ela representa e promove os intereses das empresas con domicilio social en Galicia-.

Asina con os Axentes Sociais o Convenio Colectivo que ampara as relacións entre as partes.




FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

A Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia representa distintas actividades productivas que veñen enmarcadas polas distintas Clasificacións Nacionais de Actividades Industriais (CNAE), como por exemplo:

Código	
<u>CNAE</u>	<u>Título</u>
02012	Explotación Forestal
20101	Serrado e Cepillado da Madeira
20102	Preparación industrial da Madeira
20200	Fabricación de chapas, taboleiros contrachapados, alistonados, de partículas aglomeradas, de fibras e outros taboleiros e paneis
20301	Fabricación de estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construción.
20302	Fabricación de estruturas de madeira.
20400	Fabricación de envases e embalaxes de madeira
20510	Fabricación doutros produtos de madeira
35111	Construcción e reparación de barcos
35120	Construcción e reparación de embarcacións de recreo e deporte.
36110	Fabricación de cadeiras e outros asentos
36120	Fabricación de mobles de oficina e establecementos comerciais
3613	Fabricación de mobles de cociña e baño
3614	Fabricación doutros mobles
361441	Actividades relacionadas coa fabricación de mobles
361442	Actividades relacionadas coa fabricación de mobles
361443	Actividades relacionadas coa fabricación de mobles
36620	Fabricación de escobas, brochas e cepillos
4542	Instalacións de carpintería
4543	Revestimiento de chans e paredes



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

A Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia ten unha forte experiencia de colaboración e apoio co Centro de Innovación e Servizos da Madeira (CIS-Madeira), que ubicado en Ourense é unha aposta decidida polo I+D+i no sector da madeira, e con moi importantes aportacións para a Segunda Transformación da Madeira. Pódese afirmar sen dúbida que o Centro de Innovación e Servizos de Madeira é hoxe unha iniciativa líder en innovación empresarial, que promove a cultura da Triple Hélice para facer fronte a nova produtividade do coñecemento.

4.1.-O Histórico das Actividades da Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia

Neste punto quérese facer unha síntesis que poida ofrecer unha visión coherente do quefacer da Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia que dende o seu nacemento aglutinou os obxetivos e as inquedanzas das nosas empresas.


Non é o momento de facer unha listaxe exhaustiva, somentes pretendemos poder esbozar o mapa das actuacións mais saliantables.

4.1.1. Feceg e a súa aposta pola Formación

Dende fai moitos anos a formación ocupa un lugar moi destacada na traxectoria das nosas empresas.

Dende a Federación promove Planes de Formación Continua Sectoriais de ámbito autónomico nas áreas mais demandadas, con accións formativas específicas da ocupación, e tamén con accións de contido transversal, cunha presenza moi relevante en formación de novas tecnoloxías.

Calidade, medio ambiente, prevención de riscos laborais.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

Formación para todas as áreas funcionais das empresas e para as categorías empresariais con maior demanda de formación, facendo fincapé tamén na importancia dos idiomas, sobre todo do inglés como promoción da internacionalización e as novas forams de xestión das empresas.

Tamén participa en Plans de Formación con Confemadera, pola súa representatividade autonómica.

No últimos cinco anos, Feceg imparteu mais de 50 accións formativas, con mais de 150 edicións, nas catro provincias galegas e con moita flexibilidade en canto ó achegamento os núcleos poblacionais.

Neste ano 2008 tamén Feceg lidera Plans de Formación Continua, con novidades nas áreas tecnolóxicas e tamén en formación sectorial.


Tamén na Formación Ocupacional.

Con accións formativas de Carpintería, Ebanistería, Calidade, Diseño, etc. Promovendo a formación en personas que queren ingresar laboralmente nas nosas empresas, procurando unha oferta axeitada os novos requerimentos profesionais.

4.1.2.- Feceg e a súa aposta pola difusión das actividades

Feceg ten a súa propia revista, que co nome da **A Garlopa**, recolle as novidades, experiencias e iniciativas relevantes.

Tamén FECEG participa e promove outras publicacións como o **Catálogo de Industrias**.



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

4.1.3.- Feceg coa investigación e a ciencia

A Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia aposta pola investigación coa súa alianza estratéxica con as universidades e organismos promotores da I+D+i.

Tal é o caso do Convenio coa Universidade da Coruña, xa un referente na nosa andaina.

Nestes intres a FECEG lidera o **Proxecto Lares Finisterrae para el Hábitat en la Era Bioclimática**, froito da colaboración coa Universidade da Coruña, e en concreto coa Escola Universitaria de Diseño Industrial.

Na súa presentación, faise un recoñecemento explícito do “empeño de las industrias gallegas de mobiliario/hábitat por abrir caminos y experimentar nuevos métodos para la innovación continuada de sus productos”.

O obxectivo primeiro é p desenvolvemento de novos conceptos de mobiliario e equipamento para a era bioclimática con raigambre no patrimonio cultural actual e histórico de Galicia, cuestión suliñada en páxinas anteriores.

4.1.4.- FECEG e os proxectos comunitarios

A Federación de Asociaciones Empresariales de Carpintería e Ebanistería de Galicia ten participación activa en distintos proxectos, programas e iniciativas de ambito europeo, como é o proxecto GALADAPT, coa administración autonómica



FECEG

FEDERACION DE EMPRESAS DE CARPINTERIA
Y EBANISTERIA DE GALICIA

4.1.5.- FECEG e as Accións Complementarias de Investigación e Formación

Neste ano 2008, FECEG promove coa colaboración da administración autonómica unha iniciativa de investigación sobre as ocupacións emerxentes e as necesarias cualificacións profesionais na comarca de Sarria, tomada como “comarca piloto” de novas e amplas transformacións.

Con distintas fases e etapas quer oferatr unha radiografía fiable das novas necesidades de formación, baseándose na interactividade con as empresas, os traballadores e os expertos.

As conclusións tense previsto que poidan divulgarse no outono.

4.1.6.- FECEG e a Responsabilidade Social Corporativa

FECEG promove a difusión e divulgación da RSC entre as empresas do sector, asemade quer sensibilizar sobre as posibilidades da implantación da SGI 21, como norma certificadora das boas prácticas.

Distintas xornadas e seminarios son estratexias de promoción e achegamento de novos criterios e conceptos.

4.1.7.- FECEG e o coidade e respecto o Medio Ambiente

FECEG promove a difusión e divulgación das normas de coidado e acatamento de leis para a protección do entorno facendo sustentable a produtividade das nosas empresas.

